

# *Derrotas*

MANUEL PEREIRA VALCÁRCEL

## I

*Cando marcharon ainda  
o rocio durmia nos pétalos do mencer  
Uniformes  
Fusts  
Consignas  
Inimigos aos quen matar  
Unha soa forma de morrer*

## II

*A ollada áspera do odio  
Vinganza e sangue  
Cada batalla unha ferida aberta*

## III

*Voltaban derrotados  
Corpos feridos  
Vidas saqueadas  
Bosques arrasados*

*Voltaban derrotados  
Sen gloria  
Sen medallas  
Sen os rituais profesados aos heroes*

*Voltaban derrotados  
Na noite socavada  
Sen lúa  
Sen segredos*

*Voltaron derrotados  
Gañaran unha guerra*